**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 12/05/2025**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**
JULIO FONTAIÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 12/05/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05-may-2025, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2025/1735**
Dáse conta de solicitude de Asociación Centro Cultural e Deportivo Sixto de autorización para organizar unha merenda popular, con DJ, na sede social o día 10 de maio de 2025, en horario de 17:30 a 23:30.
Dáse conta do informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/1736**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para. ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 3 de maio de 2025, en horario de 9:00 a 15:00 horas.
Dáse conta do informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/1741**
Dáse conta do escrito presentado polo Club Balonmano Arousa, solicitando autorización de uso de diversas instalacións deportivas, e ocupación da Praza da II República para a celebración dos TORNEOS DE BALONMÁN SANTA RITA, os días 17, 24 e 31 de maio, así como a colaboración municipal para o desenvolvemento da citada actividade.
Vista a resolución favorable da Presidencia da Fundación de Deportes e o informe da Policía Local,

a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada para ocupación de espazo da Praza da II República o día 24 de maio de 2025, en horario de 10:00 a 15:00 horas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

**PRP2025/1744**
Dáse conta de escrito presentado polo Club Ciclista Xiabre no que con motivo da organización da XXVIII Marcha Cicloturista Arousá o vindeiro 13 de xullo , solicita a autorización do Concello para a celebración da mesma, a colaboración da policía local e do servizo de protección civil, a autorización de uso dos vestiarios do pavillón municipal de Carril para os participantes na proba, tanto para cambiarse antes da proba 8:15 como para ducharse despois da mesma 13:45 horas, así como para a a colocación dun palco para a entrega de trofeos , mesas para tomar uns petiscos os participantes na proba, a cesión de 6 carpas para colocar no recinto escolar do CEIP Rosalía de Castro e o arco hinchable da Fundación de Deportes.
Dáse conta de informe da Dirección Deportiva da Fundación de Deportes, e da Policía Local.
Dáse conta da resolución favorable da Presidencia da Fundación de Deportes.
A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada e que se dea conta aos distintos Servizos Municipais aos efectos da oportuna colaboración, sen prexuízo das correspondentes autorizacións das administracións públicas titulares das vías polas que se desenvolve a actividade, ási como da Dirección do CEIP Rosalía de Castro.

**PRP2025/1746**
Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Piñeiro Andujar, solicitando autorización para realización dunha serie de eventos no exterior do establecemento "Bar Miudo", situado na Rúa Romero Ortiz nº 37, de 13:00 a 22:00 horas, os días 17, 24 e 31 de maio de 2025.
Dáse conta do informe da Policía Local. A Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para os días 17 e 24 de maio, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

O día 31 de maio de 2025 non se concede a autorización solicitada por ter o Concello prevista a realización de diversas actividades.

**PRP2025/1750**

Polo Servizo de Alumeado Público, Auditorio, Parking Xoan XXIII e Estacións de Bombeo, indicase que se detectou a necesidade de mellorar a accesibilidade e a comodidade nas instalacións do Auditorio Municipal, especialmente durante as actuacións ou eventos nos que acode público infantil ou persoas de baixa estatura, que en ocasións ven limitada a súa visibilidade cando teñen diante persoas de maior altura. Así mesmo, considérase necesario dotar os aseos do auditorio cun cambiador de bebés, accesible para todas as persoas usuarias, co fin de mellorar a conciliación familiar e garantir a accesibilidade universal.

Vista a proposta presentada, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Em presa Sobrino G, SA, para o subministro do material que se indica, por un importe total de 2.610,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22699:

- Subministro de set 36 UD elevadores infantils Korflit homologados e ignífugos para asentos do Auditorio Municipal, co obxectivo de facilitar unha mellor visibilidade ao público infantil ou de baixa estatura.

Estes alzadores deberán cumprir coa normativa vixente en materia de seguridade, incluíndo características como materiais ignífugos, estabilidade e facilidade de limpeza.

- Subministro e instalación dun cambiador de bebés homologado, que cumpra coa normativa vixente (accesibilidade, híxiene e seguridade), na zona de aseos do Auditorio Municipal, nun espazo con acceso para todas as persoas usuarias, incluíndo persoas con mobilidade reducida.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1775**

Dáse conta da proposta do Departamento de Informática, seguinte:

No Concello está en funcionamento a plataforma informática XIESS, utilizada para a xestión do departamento de servizos sociais, esta plataforma foi adxudicada na X.G.L. do 23/11/2020 á empresa IMATIA INNOVATION S.L. O Concello ten adxudicado un contrato de soporte e mantemento desta plataforma.

A empresa fabricante comunicou ao Concello que o próximo 31/12/2024 finaliza a vida útil da actual plataforma XIESS e polo tanto cesa o seu mantemento. Así mesmo comunica que XIESS será substituída por unha nova plataforma denomina “Imatia SOCIAL”.

Imatia SOCIAL tratase dun novo desenvolvemento, una nova plataforma, que supón una renovación tecnolóxica do 100% e a implementación de novos módulos e funcionalidades necesarios para adaptarse aos novos métodos de traballo na área social.

Polo que respecta ao cambio tecnolóxico supón pasar a unha plataforma 100% programación web e responsive. Trátase dunha plataforma certificada no ENS (Esquema Nacional de Seguridade), polo que supón un nivel alto de seguridade. A nova plataforma tamén aporta unha importante mellora no rendemento e velocidade do sistema. Esta nova plataforma estará instalada nos servidores do Concello, a forma de explotación será en local (on-premises).

Aspectos funcionais da nova plataforma:

- Posúe todos os módulos da actual plataforma XIESS (Xestión de Expedientes, Xestión de Usuarios, Sistema de Cita Previa, Axuda no Fogar e Intervención Familiar) ampliando as súas funcionalidades e modificando a súa filosofía adaptándoos ás novas formas traballo

no que á intervención social se refire.

- Posúe integración coa plataforma CIVIDAS de xestión de expedientes, rexistro de E/S, sede electrónica etc. do Concello.
- Posúe integración con HSUE-SIUSS da Xunta de Galicia.
- Posúe integración coa plataforma RISGA da Xunta de Galicia, este integración é necesaria actualmente e non está presente na actual plataforma.
- Posúe un módulo de inclusión social, este módulo é necesario actualmente e non está presente na actual plataforma.

É totalmente necesario o cambio da plataforma informática de Servicios Sociais debido á necesidade dos novos módulos implementados e ao próximo fin de vida útil da actual plataforma XIESS o 31/12/2024, o que supón a finalización do servizo de soporte e mantemento.
Polo Departamento de Informática considerase que se debe adquirir a nova plataforma informática de servicios sociais "Imatia SOCIAL" por varios aspectos fundamentais:

- A necesidade de adquirir o módulo de inclusión social.
- A necesidade de adquirir o módulo de integración coa plataforma RISGA da Xunta de Galicia.
- A necesidade de implantar as novas funcionalidades e a nova filosofía de traballo dos módulos actuais.
- A obrigatoriedade da certificación do ENS do software da plataforma (medidas de seguridade exixidas actualmente).
- Programación totalmente web, melloras de rendemento e velocidade.
- Estar integrada coa plataforma CIVIDAS de xestión de expedientes do Concello.
- Poder levar a cabo a migración automática de toda a información desde a plataforma actual.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa IMATIA INNOVATION S.L. da actualización da plataforma informática XIESS pola plataforma IMATIA SOCIAL e os servizos de instalación, configuración, importación de datos, posta en marcha e os servizo de soporte en mantemento (un ano) por un prezo de 17.545,00 IVE incluído, con cargo á partida 9201.64100, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1776**
Dáse conta da proposta do Departamento de Informática, seguinte:
Polo Departamento de Informática indicase que é necesaria a reposición, mediante compra, de dez Clientes Lixeiros (Thin Client) destinados ás oficinas municipais coas seguintes características técnicas:
Thin Client (10 unidades):
Network Virtual Desktop
RX-420 (HDX) Pi4 based Citrix/VMWare
Thin client (Pi4B, 1,5 GHZ, 2 GB, 16 GB SD, 2 micro HDMI, WIFI
Embedded Stratodesk No Touch OS device perpetual licence
1 ano de garantía.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Ozona Tecnologías de la Información S.L. CIF/NIF: B15834872, a reposición, mediante compra á empresa Ozona Tecnologías de la Información S.L., de dez Clientes Lixeiros (Thin Client) RX-420 (HDX) destinados ás oficinas municipais, por un prezo de 3.375,90 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600,

de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1777**
Dáse conta da proposta do Departamento de Informática, seguinte:
Polo Departamento de informática indicase que é necesaria a reposición, mediante compra, de seis CPU´s e dezaseis monitores destinados ás oficinas municipais coas seguintes características técnicas:
- CPU SSF (6 unidades):
Equipo: HP Pro 400 G9 formato SFF
Procesador: Core i5 12500 4,6 GHz.
Memoria principal: 16 GB de RAM.
Memoria secundaria: HD SSD 512 GB.
Modelo gráfica: UHD Graphics 770
Portos: 1 salida de audio; 1 RJ-45; 1 HDMI 1.4; 3 SuperSpeed USB Type-A; 1 DisplayPort™ 1,4;
Sistema operativo: Windows 11 Professional (Pro 64 bits.)
Ampliación garantía: 4 anos de garantía in situ 9x5
- Monitores (16 unidades):
LG 24BP75CP-B Monitor LED 24”
1920 x 1080 Full HD (1080p) IPS 250
HDMI, DisplayPort, USB-C altavoces negro
- Portátil e Impresora para o vehículo de denuncias da policía local.
Equipo: Ordenador Portátil LENOVO ULTRABOOK T480
Procesador: Core i5 7200 2,50 GHz.
Memoria principal: 8 GB de RAM.
Memoria secundaria: HD SSD 256 GB.
Impresora: HP OFFICEJET 200 Mobile Printer
Color – Chorro de tint1200 x 1200 ppp
Velocidade 20 ppm
Capacidade 50 Follas.
Porto USB
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. CIF/NIF: B36296440, o subministro de varios equipos informáticos destinados ás oficinas municipais, por un prezo de 10.050,21 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1778**
Dáse conta da proposta do Departamento de Informática, seguinte:
Coa posta en funcionamento do sistema de taquillas intelixentes na Praza de Abastos de Vilagarcía e debido as actuais quendas de garda no mercado é necesario a alta dun teléfono móbil coa seguinte finalidade: ser utilizado polo empregado municipal de garda no mercado para estar localizado e resolver as incidencias do mercado e do sistema de taquillas.

Actualmente o mercado municipal conta coa seguinte liña de telefonía móbil, utilizada polo responsable do servizo:

| Móviles | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Departamento | Número | Ext | Usuario | Terminal |
| Mercados | 627 485 936 | 745 | Suso Crespo | Samsung Galaxy Xcover 5 |

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno local acorda autorizar a tramitación da alta dunha liña de telefonía móbil e a compra dun terminal para o servizo de mercados municipais coa empresa Vodafone España S.A.U. segundo as condicións do contrato asinado con este operador.
ORZAMENTO ESTIMADO DO CONTRATO INVERSIÓN (IVE incluído):
Terminal: 300 € + IVE (Importe aproximado)
Gasto mensual 20 €/mes + IVE.

**BENESTAR SOCIAL**

**EMPREGO**

**PRP2025/1742**
Dase conta da xustificación final da subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia Risga 2023 exp: TR351F- 2024-00000 20-05
O importe da subvención o equivalente ao necesario para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa desempregada contratada que reúna os requisitos establecidos no artigo 12 da orde.
Para os efectos destas subvencións, non se consideran custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.
Infórmase que nás subvencións á contratación tanto da Xunta de Galicia como da Deputación de Pontevedra, os custos derivados da situación de IT, non se consideran custos salariais subvencionables, polo que, no caso de IT de calquera dos traballadores contratados, produciríase o correspondente incremento na aportación municipal.
A cantidade subvencionada e ingresada pola Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración por importe de 118.933,20 euros, ingresada na conta do Concello de Vilagarcía no 22/08/2024.
A cantidade subvencionable xustificada polo concello por importe de 105.821,37€ equivalente aos custos salariais dos traballadores contratados maila cotización empresarial á Seguridade, pola contratación por período de 9 meses, a xornada parcial do 75%, de 10 traballadores/as desempregados/as (Peóns).
A aportación municipal é a correspondente á indemnización por cese e a aportación salarial e de cotización á Seguridade Social do 75% de xornada laboral dos traballadores, que está subvencionada, ata o 100% da xornada laboral pola que foron contratados, así como os custos derivados das situación de IT, que non se consideran custos salariais subvencionables.
O remanente por importe de 13.111,83€ que debe ingresarse mediante transferencia bancaria á conta do Tesouro da Xunta de Galicia no número de conta: ES82 2080 0300 8731 10063172,

especificando “Remanente da subvención Expte. Nº. TR351F 2024/20-5”, e deberá remitirse orixinal ou copia compulsada do xustificante bancario do pagamento á correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao ingreso do importe citado de 13.111,83 € na conta do Tesouro da Xunta de Galicia no número de conta indicado.

**PRP2025/1797**
Dase conta da aprobación por parte da Deputación Provincial de Pontevedra da xustificación final do PLAN +PROVINCIA 2024 LIÑA 3 EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.
Concluen que o Concello de Vilagarcía achegou a regulamentaria documentación xustificativa de conformidade coa base cuadraxésimo sextaSexta das Bases reguladoras do Plan +PROVINCIA para a activación do emprego – 2024, da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3), comprobouse a conformidade da documentación presentada, co alcance que determina o art. 84 do R. D. 887/2006, sen prexuízo das comprobacións e controis posteriores.
Ademais, compróbase que a xustificación se presentou dentro do prazo establecido.
O Concello acredita que se fixo difusión do financiamento pola Deputación do obxecto da subvención e que as contratacións efectuadas responderon a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
Do exame dos antecedentes obrantes no expediente e da documentación xustificativa presentada, compróbase que o importe da axuda librado ascendeu a 227.652,77€ sobre unha axuda concedida de 284.565,96€, mentres que o custo real (gasto elixible) da actuación, segundo se desprende da certificación achegada polo concello, foi de 490.333,88 €, sobre un orzamento programado elixible de 490.299,60 €.
Polo tanto, obsérvase que debe librarse en concepto de liquidación final o importe pendente que ascende a 56.913,19€, calculado en función da subvención concedida e o gasto elixible xustificado, tendo en conta o importe aboado anticipadamente e as detraccións efectuadas ou que no seu caso deban efectuarse.
En consecuencia depois do exposto y do informe de fiscalización da Intervención Provincial, a Xefa de Servizo de Coperación da Deputación Provincial elévase a Presidencia da Deputación prestar aprobación á xustificación final achegada polo Concello de Vilagarcía de Arousa, relativa á axuda concedida no marco do Plan +PROVINCIA para a activación do emprego 2024, da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e recoñecer a obriga e ordear o pagamento, a favor do citado concello, en concepto de liquidación final polo importe pendente de aboo, que ascende a CINCUENTA E SEIS MIL NOVECENTOS TRECE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (56.913,19€).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/1799**
Dase conta das Resolucións Presidenciais de 24/04/2025, de aprobación de recoñecemento da obriga e ordear o pagamento anticipado correspondente aos meses de exercicio 2024 (dous meses) do proxecto + EMPREGA NOS CONCELLOS 2024,no marco do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra para financiar parte do custo laboral dos contratos seguintes de duración dun ano a tempo completo:

| Nº CONTRATOS E TITULACIÓNS | CUANTÍA TOTAL SUBVENCIÓN | PAGAMENTO ANTICIPADO | PAGO RESTANTE |
|---|---|---|---|
| CLOE TROCOSO CORES<br>Grao /Licenciatura ou | 16.800€ | 2.800€ | 14.000€ |

| Nº CONTRATOS E TITULACIÓNS | CUANTÍA TOTAL SUBVENCIÓN | PAGAMENTO ANTICIPADO | PAGO RESTANTE |
|---|---|---|---|
| Diplomatura | | | |
| MARINA MORAL CASTRO Grao /Licenciatura ou Diplomatura | 16.800€ | 2.800€ | 14.000€ |
| ISABELLA AMOEDO PIÑEIRO Ciclo Medio Formación Profesional | 12.000€ | 2.000€ | 10.000€ |
| TOTAL | 45.600€ | 7.600€ | 38.000€ |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/1748**

Pola Directora do obradoiro Dual de Emprego O.E. Forme 2024, dáse conta de que segundo a orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e 2025 (código de procedemento TR353A), recibiuse o anticipo do 50% (205.964,00€) da subvención concedida 411.928,00€ para o obradoiro dual de emprego O.E. Forme 2024 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/1801**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha subvención da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a realización do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino "PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa", enmarcado no Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, así como as actuacións especificadas no anexo I da Resolución de concesión. Dentro das 10 actuacións subvencionables, no Eixo programático 4 (competitividade) atópase a actuación 10. Oficina técnica para asesoramento durante o proceso de elaboración, execución e xestión da estratexia.

A prestación do servizo levarase a cabo durante seis meses a partir da adxudicación do contrato.

O orzamento base da licitación é o seguinte:

| | |
|---|---|
| Orzamento base de licitación sen IVE: | 14.995,00 € |
| IVE (21%) | 3.148,95 € |
| Orzamento base de licitación con IVE: | 18.143,95 € |

Para levar a cabo este servizo solicitáronse orzamentos ás empresas seguintes:

Razón social: Razón social: TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO SL

C.I.F: B70133467

cesar@trivium.gal

Razón social: CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL

CIF: B15757941

comercial@cinfo.es

Razón social: ATLANTIC PONTE 2000 S.L.

CIF: B70232012

Mail: info@atlanticponte.com

Dentro do prazo concedido a efectos de remisión de ofertas, as citadas empresas remitiron os orzamentos que figuran unidos ao expediente.

Revisada a documentación presentada, o resultado da valoración das ofertas é o seguinte:

| EMPRESA | PUNTUAC. PREZO | PUNTUAC. MEMORIA TÉCNICA | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | | metodoloxía | equipo | | |
| | | | Form | exper | |
| TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO SL C.I.F: B70133467 | 45 | 30 | 10 | 10 | 95 |
| CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL CIF: B15757941 | 0 | 25 | 8 | 8 | 41 |
| ATLANTIC PONTE 2000 S.L. CIF: B70232012 | 0 | 25 | 2 | 2 | 29 |

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación do contrato menor de Servizo de Asistencia Técnica para prestar apoio, asesoramento e colaboración nas tarefas de xestión e seguimento do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino Xacobeo 2021-Concello de Vilqagarcía á Empresa TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO SL, C.I.F: B70133467, polo importe de 18.029 € IVE incluido, con cargo á partida 920.6400018.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2025/1745**
O Arquivo Municipal alberga nas súas instalacións unha cantidade importante de volumes carácter xurídico (Aranzadi, El Consultor...), destinados no seu momento á consulta por parte dos traballadores do Concello de Vilagarcía. Na actualidade estes fondos apenas teñen uso, pois a vía de consulta realízase a través de suscricións na rede de Internet. Trátase, aproximadamente, dun total de 250 tomos de diferentes tamaños e formatos

Asemade, o Arquivo Municipal recibiu no seu día a doazón dunha Enciclopedia Universal Ilustrada (Espasa-Calpe), constituída por 70 tomos. No seu día, fixéranse xestións para o seu traslado á Biblioteca Municipal, máis a falta de espazo impediu ó mesmo.

Polo Xestor do Arquivo propónse o traslado de todo este material (xursiprudencia e enciclopedia) á Biblioteca Municipal, que pasaría a formar parte dos seus fondos, polos seguintes motivos:

- O Arquivo Municipal está a sufrir unha alta saturación nos estantes que se ocupan de albergan a documentación municipal. O traslado permitiría, en parte, aliviar esta situación.
- O material (libros) ten un carácter bibliográfico, polo que a Biblioteca sería o seu destino máis apropiado. O Arquivo manexa fundamentalmente documentación orixinal.
- A nova sede da Biblioteca Municipal conta nestes momentos con certo espazo onde poder instalar de forma ordenada o material sinalado.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o traslado do material sinalado, dende o Arquivo á Biblioteca Municipal, pasando a formar parte dos fondos da mesma.

**PRP2025/1796**
Dáse conta de comunicación recibida da Deputación Provincial de Pontevedra, dando conta que por Acordo da Xunta de Goberno de data 2 de maio de 2025 con nº 9.35149.se ven de outorgar a concesión dunha subvención a este Concello – Conservatorio Profesional de Música - para os GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO VIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5, por un importe de 30.000,00 € e cun orzamento de 30.000,00 € ao abeiro da Liña 2. Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e

social do Concello" do PLAN + PROVINCIA 2025.
Co obxectivo de percibir dita subvención, e segundo figura no escrito remitido pola Deputación Provincial, compre xustificar a axuda concedida antes do 31 de marzo de 2026 remitindo a documentación que figura nas bases da convocatoria.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### XUVENTUDE

**PRP2025/1773**
Vista a solicitude de D. Simón Rodríguez Teixeiro, en representación de Asociación Xuvenil Arousa Moza, e a proposta da Concellería de Xuventude, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 30 de maio de 2025, en horario de 8:00 a 16:00 horas, para a celebración da actividade "Torneo de debate crítico", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.
Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
Dar conta ao Departamento de Cultura aos efectos oportunos.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2025/1779**
O artigo 39 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais establece que corresponde ás entidades locais a xestión dos gatos comunitarios, para cuxos efectos deberán desenvolver Programas de xestión de colonias felinas.
En cumprimento do anterior precepto normativo a XGL acordou o 21/10/2024 a contratación da empresa Inovalabs Digital S.L. para o deseño e a redacción dun programa de xestión de colonias felinas.
A finais do ano 2024 Inovalabs presentou o Plan de xestión integral para o control de colonias felinas. Despois de estudar ese plan este Concello, a través do seu departamento de medio ambiente, solicitou que se recollesen no plan pequenas matizacións.
Tras a redacción definitiva do mencionado Plan de xestión resulta fundamental dar os pasos necesarios para iniciar a súa execución.
Entre eses primeiros pasos, atópase a organización e dinamización de mesas de traballo, que aseguren a implicación coordinada dos diferentes axentes involucrados na xestión das colonias felinas do municipio.

O obxectivo destas mesas de traballo será garantir a correcta transmisión dos novos protocolos e a recollida de información para a formalización do censo de persoal voluntario responsable das colonias e da articulación das propias colonias.
Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:
- Aprobar o Plan de xestión integral para o control poboacional das colonias felinas.
- Adxudicar á empresa INOVALABS DIGITAL S.L. con CIF B36927515 para o inicio da implementación do plan de xestión de colonias felinas por un importe de 3.900 € (IVE NON incluído), e de 4.719,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22799, consistente na organización e dinamización de SEIS mesas de traballo co obxectivo de acadar un censo de colonias e de persoal voluntario encargado do coidado e alimentación dos gatos integrantes desas colonias.
O prazo de execución do contrato será de aproximadamente 10 semanas dende a notificación da adxudicación do contrato.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**TURISMO**

**PRP2025/1790**
Dáse conta da proposta da Concellería de Turismo en relación co desenvolvemento dun programa de rutas e obradoiros a realizar en diferentes espazos (naturais, culturais, arquitectónicos, paisaxísticios...)
3 bloques o u propostas:

1. 9 rutas inerpretativas para a divulgación dos espazos naturais e patriomoniais
2. 9 obradoiros e dinámicas de sensibilización ambiental de coñecemento do patrimonio
3. 19 rutas interpretativas na Illa de Cortegada (partindo de Carril)

As actividades están dirixidas á vecindade de Vilagarcía, co fin de que coñezan e aprecien o patrimonio natural e arquitectónico do seu concello, se conciencian da necesidade de preservalo e que acaben sendo os mellores promotores e embaixadores da súa cidade.
Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa OFTFEOR-CORTICATA CB, NIF E36418283, as seguintes actividades de conformidade co orzamento presentado:

- 9 rutas e 9 obradoiros, 6.700 € (IVE ENGADIDO) ,con cargo á partida 1720.22799.
- 19 rutas interpretativas na Illa de Cortegada, 7.000 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22610.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1792**
O Concello de Vilagarcía está a promocionar as diferentes vías para facer o Camiño de Santiago que pasan por Vilagarcía -a Variante Espiritual ou a Ruta Xacobea do Mar de Arousa- i en calquera das modalidades que permiten eses itinerarios: en barco, a pé, en bicicleta, en kayak… Ademais, en colaboración coa Mancomunidade do Salnés, se está promocionando o produto A ORIXE DO CAMIÑO, que fai referencia a que pola Ría de Arousa e o río Ulla foi levado o corpo de Apóstolo cara a Santiago, que foi a orixe de todo o fenómeno Xacobeo, e propón que o peregrino se achegue a Vilagarcía para logo facer ese camiño ata Compostela.

Unha das formas recoñecidas de facer o camiño e obter a compostelá é navegando. Con esa premisa, a Asociación de Marinas do Norte de España, NORTMARINAS, organiza a travesía NAVEGA O CAMIÑO, que parte de La Rochelle, en Francia, e remata en Santiago, logo de 27 días e algunha xornada de descanso intercalada. A viaxe dos barcos remata en Vilagarcía.
A Vilagarcía chegan o 1 de xullo, procedentes de Boiro. No día seguinte farán, nun só barco, o remonte ata Padrón para continuar o seu camiño, a pé, ata Santiago.
O número de persoas que participan nesta travesía é en torno a 100.
Co fin de que esta iniciativa se consolide, que se repita ao longo dos anos, tendo a Vilagarcía como chegada da última etapa, considérase xustificado o patrocinio do evento e a tal fin proponse a sinatura do contrato con NORTHMARINAS que se achega, que ten as características seguintes:
Os compromisos do Concello,

- Unha achega de 2.000 € (exento de IVE), logo da presentación da factura correspondente e despois de realizado o evento.
- 1 cea para os participantes (unhas 100 persoas, pero un mes antes se concretará o número exacto).
- A entrega aos participantes dun dossier turístico de Vilagarcía (mapa, información e proposta de actividades)
- A difusión do evento na páxina web do concello e nos medios de comunicación.
- A presenza dun representante do concello na recepción dos navegantes e o selado dos credenciais.
- Organizar unha visita turística por Vilagarcía.

Os compromisos de NORTHMARINAS,

- Mención do Concello como patrocinador na fase previa de presentación da travesía (Salóns náuticos, Salón náutico de La Rochelle, Salón náutico de París, Salón náutico Dusseldorf, Jornadas Northmarinas, RRSS, etc.)
- Invitación para 2 personas a realizar 1 etapa a bordo do barco da organización.
- Presencia no dossier de difusión da Travesía (800 contactos)
- Presencia nos escritos de prensa e medios especializados, nacionais e internacionais
- Presencia, durante o contrato, na Páxina Web: www.rallysailtheway.com
- Presencia en Redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram)
- Publicación da Travesía nos canais de comunicación do programa embárcate de ANEN (asociación nacional de empresas náuticas)
- Información e difusión do evento a través dos canais de comunicación de North Marinas
- Mención especial na recepción e entrega de premios na etapa.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun contrato de patrocinio con NORTHMARINAS, por importe de 2.000 €, con cargo á partida 432.22602.
A proposta da mostra de gastronomía local aos participantes será proposta á Xunta de Goberno Local cando estea determinado o número exacto de participantes, ata un importe máximo de 1.500 €., con cargo á partida 432.22601.

## CULTURA

**PRP2025/1783**
Dáse conta da xustificación de convenio de colaboración suscrito coa entidade Cofraría de

Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoan correspondente o ano 2024:
En sesión da Xunta de Goberno Local de data 23 de outubro de 2017, dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía e a Cofradía de Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán, aprobando o recoñecemento de obriga a favor da mesma por importe de 50% dos gastos correntes derivados do consumo eléctrico, auga, limpeza e mantemento das instalacións e polo mantemento da axencia de lectura de Vilaxoán.
SEGUNDO: Con data 03-02-2025 presenta documentación xustificativa de gasto correspondente o ano 2024:
- Nº REXISTRO: WEB2025000751
o Listado de gastos
o Facturas Convenio
o Facturas
TERCEIRO: Segundo o establecido na cláusula segunda do convenio "OBRIGAS DAS PARTES" o Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a: "A colaborar anualmente nun 50% dos gastos correntes derivados do consumo eléctrico, auga, limpeza e mantemento das instalacións citadas, polo uso de que delas realizan colectivos de Vilaxoán, sen que en ningún caso puida superarse a contía de 6.000,00€"
CUARTO: Segundo a documentación presentada de xustificación de gasto de Convenio que se detalla a continuación:
- total de gasto xustificado: 19.917,05€
QUINTO: A memoria final presentada pola Cofraría de Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán, xunto coa documentación que se acompaña a efectos de xustificación das actividades acredita a realización da mesma, SEXTO: Por todo elo, o convenio asinado e a documentación xustificativa aportada, procede a entender cumprido o obxecto para o cal se concedeu a subvención.
Polo exposto a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda o aboamento da cantidade establecida no convenio ano 2024 (6.000,00€) con cargo á partida 334-48201, a entidade Cofraría de Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán.

**PRP2025/1784**
Vista a solicitude de Asociación Os Xuncos de Vilagarcía, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de nosa Sra. de A Xunqueira os días 24, 25 e 26 de maio de 2024:
ASOC. CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA 31-05-2025 391,00€
ASOC. CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO 01-06-2025 300,00€
Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2025/1788**
Vista a solicitude de Asociación Cultural San Juan de Bamio, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á

partida 334-22609, con motivo da celebración dun Serán 2ª Gran comida popular de Bamio o vindeiro 17 de maio de 2025
Actuación da Asociación Cultural Gaitas Mar de Arousa por un importe de 225,00 €.
Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2025/1789**
Vista a solicitude de Asociación Cultural San Pedro dos Duráns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro en Os Duráns os vindeiros dias 27, 28 e 29 de xuño de 2025:

- Actuación da Agrupación folklórica Froallo por un importe de 391,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

## CONTRATACIÓN

**PRP2025/1749**
Dáse conta da proposta da Alcaldía para adxudicar o contrato menor de obras denominado de obras denominado Plan 2025 de Reparacions de beirarrúas no casco urbano de Vilagarcía de Arousa:
A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 20 de xaneiro de 2025, aprobou a memoria valorada denominada "Plan 2025 de Reparacións de beirarrúas no casco urbano de Vilagarcía de Arousa", redactada polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 48.055,79€.
Vista a necesidade detectada por parte do servizo municipal de obras do Concello de Vilagarcía de Arousa, de arranxo de varios tramos puntuais de beirarrúas do casco urbano que se atopan seriamente deteriorados, co consecuente perigo que supón para as persoas que camiñan cada día polas mesmas.
Coa finalidade de mellorar a seguridade e evitar posibles caídas dos viandantes, foi redactado o citado proxecto, que describe as obras necesarias para levar a cabo as reparacións precisas en determinadas zonas das devanditas beirrrúas.
Concretamente, de acordo co recollido no documento técnico, as actuacións proxectadas consisten en arranxar as beirarrúas do casco urbano de Vilagarcía de Arousa, nos tramos que presentan deterioro, para o cal se levarán a cabo tarefas de demolición e nova reposición de beirarrúa, con baldosa idéntica á existente, asentada sobre mortero e base de HM-20/B/25/I de 2

e 15 cm. de espesor, lechada, incluso preparación de asento e p.p. de bordillo C4 e acopio e retirada de escombros.
Segundo o recollido na memoria valorada, preténdese actuar nun total de 680 m2 de beirarrúa.
De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 39.715,53€ (sen IVE); 48.055,79€ (IVE engadido).
Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.
Na presente proposta dáse cumprimento ao establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

1. Xustifícase a necesidade dos traballos que se adxudican
2. Non se altera o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos umbrais contemplados no artigo 118.1 da Lei 9/2017.

O presente contrato ten a consideración de obra completa, non fraccionándose o obxecto do contrato, constituíndo este unha unidade funcional. Non se está a executar ningún outro contrato co mesmo obxecto. As prestacións incluídas no documento técnico satisfacen a necesidade da celebración deste contrato.
A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25, apartado d), que os municipios teñen competencias propias en infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; así como en tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade (apartado g).
No mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.
Por todo o exposto, considérase xustificada a necesidade de levar a cabo os traballos descritos na memoria de referencia, sustanciándose como contrato menor de obra, para levar a cabo o plan de reparacións de beirarrúas no casco urbano de Vilagarcía de Arousa.
Vista a necesidade xustificada, solicitouse orzamento á empresa MONCOSA OHS S.A., experta no ámbito de actuación; a cal presentou a seguinte:

